



## Avaliación de Diagnóstico. Curso 2023-2024

### Esquema horario para os días de aplicación das probas:

O esquema horario para a aplicación das probas da avaliación de diagnóstico será o seguinte:

10 de abril	11 de abril
<b>Quenda 1:</b> <b>C. C. L. Lingua Galega</b> (máximo 75 min.)	<b>Quenda 3:</b> <b>C. C. L. Lingua Estranxeira</b> (máximo 75 min.)
<b>Descanso</b> (mínimo 30 min. dos cales máximo 20 min. poderán ser para <b>adaptación de ampliación de tempo</b> )	<b>Descanso</b> (mínimo 30 min. dos cales máximo 20 min. poderán ser para <b>adaptación de ampliación de tempo</b> )
<b>Quenda 2:</b> <b>C. C. L. Lingua Castelá</b> (máximo 75 min.)	<b>Quenda 4:</b> <b>C. Matemática</b> (máximo 75 min.)
<b>Adaptación de ampliación de tempo</b> (máximo 20 min.)	<b>Adaptación de ampliación de tempo</b> (máximo 20 min.)

A hora de inicio será determinada en cada centro pola comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico de tal xeito que se dispoña dun tempo total ininterrompido de 3 horas e 20 minutos dentro da xornada escolar de mañá no centro. En previsión de que poida darse algún tipo de incidencia técnica relacionado coas audicións das probas de competencias en comunicación lingüística, suxírese comezar a aplicación das probas na primeira sesión do horario coa chegada do alumnado ao centro. O perfil das persoas aplicadoras de cada proba non ten que estar relacionado co contido da proba, xa que non debe auxiliar ao alumnado. A persoa aplicadora deberá ser a mesma durante toda a duración de cada proba pero non necesariamente durante toda a xornada. No caso das probas de lingua estranxeira o profesorado especialista deberá estar dispoñible para realizar unha lectura do contido dos arquivos de audio se a súa reprodución non fose tecnicamente posible.

### Envío de cadernos aos centros educativos:

A distribución dos cadernos realizarase a partir do día 3 de abril. Os envíos inclúen os cadernos A4 e cadernos A3 ou en Braille para o alumnado con dificultades de visión. Os cadernos A4 estarán nun ou varios paquetes plastificados por cada competencia. A cantidade máxima de cadernos por paquete plastificado é de 30 exemplares. Se a cantidade de cadernos A4 necesaria nun centro supera os 30 exemplares, recibirá un ou varios paquetes plastificados de 30 exemplares e outro paquete plastificado máis ata completar a cantidade necesaria no centro. Por exemplo, se o centro ten 95 alumnos/as recibirá para cada competencia, como mínimo, 3 paquetes plastificados de 30 cadernos A4 e un cuarto paquete plastificado de 5 cadernos A4. **Sen romper eses paquetes plastificados** os integrantes da comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico no centro **deberán comprobar** que no envío recibido **hai material suficiente** para aplicar as probas ao seu alumnado. A Inspección Educativa supervisará que os paquetes plastificados non foron manipulados e o seu contido consultado. En caso de que no centro non se recibise un envío suficiente deberá comunicarse por correo electrónico á dirección [avaliacions@edu.xunta.gal](mailto:avaliacions@edu.xunta.gal) o antes posible. En caso de non ter recibido ningún envío antes das 12:00 horas do día venres 5 de abril deberá comunicarse por correo electrónico á dirección [avaliacions@edu.xunta.gal](mailto:avaliacions@edu.xunta.gal)



**Probas con adaptación de formato axustadas aos protocolos NEAE:**

De acordo cos compromisos adquiridos durante as reunións informativas e tal como se establece no apartado *Sexto: Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo*, punto 3, da Resolución do 14 de febreiro de 2024, a Consellería proporcionará modelos en formato dixital editable axustados aos protocolos publicados en relación aos perfís de alumnado con TEA, TDAH ou Dislexia. Estes modelos estarán dispoñibles para a súa descarga, na sección **7.6 Descargas** da aplicación Avalia correspondente a cada nivel e competencia, desde **as 15:00 horas do día anterior á súa utilización**. Correspondendo ao esforzo realizado, o profesorado do centro, de ser necesario, deberá facer durante a tarde do día anterior á súa utilización as adaptacións últimas específicas para o seu alumnado e proceder á súa impresión que opcionalmente podería realizarse na mañá do día seguinte antes da súa utilización. **O profesorado que acceda a estes materiais está obrigado a manter a confidencialidade sobre o contido dos mesmos.**